

#### ÁLBUM DA CIENCIA:

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.

## José Planellas Giralt



O autor da primeira flora de Galicia e un partidario da agricultura “racional”

Nacemento: Barcelona 1821. Falecemento: Barcelona 1888

Autor/a da biografía: Xosé A. Fraga Vázquez

Data de alta: 14/09/2012

Ámbitos de ocupación: Botánica / Agricultura /

---

Realizou estudos de Filosofía e Medicina en Barcelona. Posteriormente, acadaría o título de licenciado en Ciencias Naturais nos exercicios realizados o 26 de maio de 1854 na Universidade de Santiago. Os estudos de Ciencias foron creados na institución compostelá a consecuencia do plan de 1845, como unha sección dentro da Facultade de Filosofía. Planellas vén ser o primeiro catedrático de Historia Natural, iniciando o seu labor docente no curso 1847-48, procedente do Instituto de Xaén (Bellot, 1956).

#### O seu labor como docente

Segundo os datos dispoñibles, como profesor asumiu o modelo pedagóxico tradicional, caracterizado polo uso restritivo das coleccións e do contacto coa natureza e as clases maxistras, de forte carga teórica,

lonxe das prácticas. Unha visión harmónica que tentaba de expoñer os feitos inmutábeis e ilustrar, con exemplares dos tres Reinos, para ver como cada ser ocupaba, axeitadamente, o lugar sinalado polo Creador. Nese sentido, o seu Programa do curso 1851-52 (Planellas, 1851) non presenta elementos salientábeis. Na docencia utilizou libros de texto franceses. Segundo o *Anuario* e *Memoria* dos cursos 1856-57 e 1859-60 (Anónimo, 1857; Anónimo, 1860), os textos empregados eran o libro de Zooloxía de Milne-Edwards e os de Botánica de Richart. Entre a información existente sobre o seu labor salienta a confección dunha colección de 58 especies de peixes de Galicia para o Gabinete (Anónimo, 1877). En todo caso, a contribución xeral de Planellas ao Gabinete semella escasa e sobre ela pode consultarse a obra *O Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela* (Bugallo Rodríguez, 2003).

En 1857, co plan Moyano, os estudos de Ciencias afástanse dos de Filosofía e podemos realmente falar dunha Facultade de Ciencias na Universidade compostelá. Mais en 1867 (RO 19 de xullo) suprímese esa Facultade e Planellas marcha para Barcelona. O ensino da Historia Natural en Santiago fica reducido ao curso preparatorio de Medicina e Farmacia.. O traslado do catedrático e a desaparición da Facultade foron decisivos para o futuro do Xardín Botánico, que pasou para a Facultade de Farmacia.

Por R.O. de 11 de febreiro de 1868 Planellas foi nomeado catedrático numerario de Mineraloxía, Botánica e Zooloxía da Facultade de Ciencias de Barcelona e tomou posesión o primeiro de abril. Alí tivo un incidente por apertura dun expediente ao ser acusado de impartir clases particulares e só aprobar aos alumnos que acudían a elas. Decano da Facultade de Ciencias de Barcelona durante bastantes anos, exerceu interinamente de Reitor en 1880, cesando con data de 1 de marzo de 1888 a causa da súa morte. Parece ser que exerceu a docencia da Botánica na Habana entre 1883 e 1886 (Devesa & Viera, 2001). Foi numerario da Real Academia de Ciencias de Barcelona.

Do seu paso polas aulas compostelás salienta o discurso que pronunciou na inauguración do curso 1859-60 (Planellas, 1859b), *La ley del progreso indefinido*, un documento recollido pola bibliografía, reiterada e erroneamente, como pioneiro no rexeitamento do darwinismo. Se ben o contido do discurso amosa unha actitude antievolucionista, esta é de carácter xeral, perfectamente asimilable ás reaccións provocadas por autores evolucionistas anteriores a Darwin, en concreto Lamarck. Ademais, na intervención non existen alusións directas e explícitas ao texto darwiniano. En todo caso, o dato que semella concluínte é de carácter cronolóxico. Resulta imposible que Planellas comentase o libro de Darwin porque o discurso aconteceu en outono do ano 1859 e o texto do científico inglés foi publicado despois, en novembro dese ano.

### **Actividade botánica**

Planellas publicou en 1852 o seu famoso *Ensayo de una flora fanerogámica gallega* (Planellas, 1852), no que describe 853 plantas, número próximo ao recollido por Johan Lange na súa viaxe de estudo por Galicia ese mesmo ano. O danés contactou con Planellas, quen afirma no seu *Ensayo* que “pocos meses después de haber comenzado la publicación del Ensayo, el ilustrado botánico Mr. Jhon. Lange hizo una excursión a este país, sin otro objeto que el de estudiar su vegetación espontánea. Habiendo tenido ocasión de relacionarnos, me hizo el obsequio de comunicarme las especies que a nombre suyo se han publicado, y al propio tiempo rectificó algunos errores en que yo habia incurrido acerca objetos ya antes vistos por mi en el país...” (Planellas, 1852: 447). Seoane fai referencia ao tema ao afirmar que Lange “facilitara también gran caudal de datos a Planellas” (Seoane, 1897: XIII).

Francisco Bellot expresou unha opinión moi eloxiosa sobre o labor de observación e recolleita botánicas de Planellas e a súa *Flora fanerogámica*, indicando que se trata da “primera flora publicada en España con criterio sistemático racional, por un autor español” (Bellot, 1956: 34). Pola contra, o naturalista Víctor López Seoane mantivo sempre unha visión crítica do valor desta obra, opinión compartida por botánicos de prestixio, como Lange, Willkomm e Baltasar Merino. Así, por exemplo, Willkomm afirma: «En cuanto á la Flora fanerogámica gallega del Sr. Planellas debo confesar que es un libro de poco valor, escrito con poca nitidez y pocos conocimientos, cuyos datos por eso no inspiran confianza» (6 de abril de 1891, carta dirixida a Víctor López Seoane, Biblioteca científica López Seoane, Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses). En todo caso, a contribución de Planellas á flora galega hai que situala no contexto da época. Cando elabora o seu libro carecía de referencias previas e os estudos botánicos na Península estaban dando os seus primeiros pasos, sen que nos postos máis relevantes da Botánica oficial se realizaran contribucións valiosas. Tiveron que seren dous estranxeiros, Moritz Willkomm e Johan Lange, os que viñeran a cubrir o baleiro co seu magno *Prodomus*.

Froito da actividade botánica elaborou un herbario da flora galega. Na «Exposición Agrícola, Industrial y Artística de Galicia», celebrada en Santiago en 1858, amosou o seu «Herbario de Galicia», composto por 891 especies. Na actualidade consérvanse dous. Un, o que levou cando marchou para Barcelona (conservado na Facultade de Bioloxía), está constituído por 777 taxóns e foi revisado por Carles Pau (1921, 1922, 1924). O outro, máis reducido, está formado por preto dun centenar de Angiospermas e consérvase no Departamento de Botánica da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago, procedente, probablemente, dos fondos do vello Gabinete da Universidade.

### **Propagador da “agricultura racional”**

A agricultura foi unha disciplina á que Planellas lle prestou unha especial atención. Probablemente a orixe dese interese teña que ver co feito de que fora discípulo de Joan Francesc de Bahí (1775-1841), profesor de botánica na *Escuela de Botánica y Agricultura* creada pola Junta de Comercio de Barcelona en 1807, director da sección agrícola das *Memorias de Agricultura y Artes* e do *Jardín Botánico* de Barcelona.

Participou nos debates e actividades relacionados coa agricultura galega da época, cuestión que foi tratada amplamente por Fernández Prieto (1992). Segundo este autor, Planellas, como o resto do grupo de técnicos (Antonio Casares, Valenzuela, etc.), amósase claro partidario de aplicar a Ciencia á Agricultura, se ben non supera unha visión teórica sobre o tema.

Colaborador activo da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, da que foi secretario, nesta institución levou a cabo a parte fundamental da súa contribución agrícola. Participou nas actividades docentes e colaborou, entre 1859-1864, na *Revista Económica*, publicación da que foi promotor (Fernández Casanova, 1981: 64). Alí publicou, por exemplo, o artigo “De lo que es en este suelo la agricultura y de los obstáculos que deben ser removidos para que llegue a lo que debe ser” (Planellas, 1859a).

Foi importante protagonista da Exposición agrícola de 1858, da que se editou un *Catálogo metódico de la Exposición pública de Galicia celebrada en Santiago en el presente año* (Planellas; Neira & Riva, 1858), no que Planellas é autor da “Introducción. Breves consideraciones acerca de la exposición”. Actuou como

secretario do Congreso agrícola de 1864, encargándose da edición das actas (Planellas, 1865). Ademais, a petición da Sociedad Económica, elaborou un informe, que realizou conxuntamente cos químicos José Ramón Luanco y Riego e Antonio Casares, sobre o guano da illa de Cuba. Tamén prestou atención ao ensino da agricultura, tema ao que dedicou un artigo (Planellas, 1860).

### **Outras actividades**

Nos vinte anos que permaneceu en Santiago Planellas colaborou activamente en diversas iniciativas e actividades institucionais. Xogou, como vimos, un papel moi relevante na Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, propoñendo, en 1861, a creación dun Ateneo popular. Asemade, colaborou na *Revista de Ciencias Médicas*, continuación da *Revista Médica*, voceiro da relevante Academia de Emulación (Sisto, 1998), na que publicou varios artigos: “Estudio de la respiración comparada entre los seres de toda la serie de los organizados” (Planellas, 1856a), e “Del estado actual de la medicina española en orden a las ciencias naturales y de la necesidad de éstas para el progreso y perfección de aquella” (Planellas, 1856b). Tamén dirixiu o semanario *La Joven Galicia. Revista de instrucción pública, ciencias, literatura y bellas artes*, na que presentou diversas contribucións (Santos Zas, 2002).

### **Bibliografía:**

Fontes documentais :

José Planellas. Arxiu General Historic, Universidad central de Barcelona.

José Planellas. Arquivo Histórico Universidade de Santiago. Libro A-203.

Fontes impresas:

PLANELLAS GIRALT, J. (1851): *Programa de lecciones para la cátedra de Historia Natural de la facultad de filosofía de esta Universidad*, Santiago: Impr. Rey Romero.

PLANELLAS GIRALT, J. (1852): *Ensayo de una Flora Fanerogámica gallega ampliada con indicaciones acerca de los usos médicos de las especies que se describen*, Santiago: Impr. Rey Romero.

PLANELLAS GIRALT, J. (1856a): Estudio de la respiración comparada entre los seres de toda la serie de los organizados, *Revista de Ciencias Médicas*, 5: 150-157.

PLANELLAS GIRALT, J. (1956b): Del estado actual de la medicina española en orden a las ciencias

naturales y de la necesidad de éstas para el progreso y perfección de aquella, *Revista de Ciencias Médicas*, 8, 9: 249-256.

PLANELLAS GIRALT, J. (1859a): De lo que es en este suelo la agricultura y de los obstáculos que deben ser removidos para que llegue a lo que debe ser, *Rev. Soc. Econ. Am. País Santiago*, enero, 1859.

PLANELLAS GIRALT, J. (1859b): *La ley del progreso indefinido. Discurso leído en la solemne inauguración del Curso de 1859-60, en la Universidad Literaria de Santiago*, Santiago: J. R. Rubial.

PLANELLAS GIRALT, J. (1860): Enseñanza agrícola, *La Joven Galicia*, 6: 41-43.

PLANELLAS GIRALT, J. (1865): *Congreso Agrícola Gallego de 1864. Actas, discursos o sus extractos y demas documentos de que se dió cuenta en esa reunión memorable...*, Santiago: Imprenta de José Rodríguez Rubial.

PLANELLAS, J.; NEIRA, F.; RIVA, V. de la (1858): *Catálogo metódico de los objetos exhibidos en la Esposición [sic] agrícola, industrial y artística de Galicia celebrada en Santiago por el ... Ayuntamiento y la Sociedad Económica en julio y setiembre del presente año*, Santiago: Impr. J. Souto e hijo.

#### Bibliografía secundaria:

ANÓNIMO (1857): *Anuario de la Universidad de Santiago para el curso 1856 a 1857*, Santiago: Impr. Juan Rey.

ANÓNIMO (1860): *Memoria del estado de la Instrucción Pública en el Distrito Universitario de Santiago. Anuario de la Universidad para el curso 1859 a 1860*, Santiago: Impr. M. Mirás.

ANÓNIMO (1877): *Memoria acerca del estado de la Universidad de Santiago en el curso 1876 a 1877*, Santiago: Impr. M. Mirás.

BUGALLO RODRÍGUEZ, A. (2003): *O Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela*, Santiago: Universidade, Parlamento de Galicia.

BELLOT, F. (1956): *Pourret, Colmeiro, Planellas y Antonio Casares Gil (la escuela botánica compostelana)*, Santiago: Universidad.

DEVESA, J. A. & VIERA, Ma. C. (2001): *Viajes de un botánico sajón por la Península Ibérica (H.M. Willkomm, 1821-1895)*, Cáceres: Universidad de Extremadura.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1981): *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago en el siglo XIX*, O Castro-Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.

FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1992): *Lábregos con Ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na*

*agricultura galega, 1850-1939* Vigo: Edicións Xerais.

SISTO, R. (1998): As Academias literarias da Universidade de Santiago e a Academia Médica de Emulación no período 1847-1850, *Sarmiento*, 2: 125-152.

PAU, C. (1921): El herbario de Planellas, *Broteria, ser. bot.*, 19: 49-65; 97-100; (1922): *Broteria, ser. bot.*, 20: 120-129; (1924): *Broteria, ser. bot.*, 21: 43-82.

SANTOS ZAS, M. (Ed.) (2002): *La Joven Galicia. Revista de instrucción pública, ciencias, literatura y bellas artes* Santiago de Compostela: Universidade.

---

Como citar esta páxina:

Xosé A. Fraga Vázquez ([2012], "José Planellas Giralt", en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 24/09/2023] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=343>]

Máis información e materiais complementarios en  
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=343>

Un proxecto do

**Consello da Cultura Galega**

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202